



Ilm^a. Sra. Lourdes Carballo Fidalgo
Presidenta do Consello da Avogacía Galega
Rúa Federico Tapia, nº. 11; 1ºA
A Coruña

A Coruña, a 6 de febreiro de 2023

Sra. Presidenta, estimada Lourdes:

O pasado venres, día tres de febreiro, acordouse en Sala de Goberno deste Tribunal Superior de Xustiza darme traslado do escrito dirixido ao Excmo. Sr. Presidente do Tribunal, no que se lle solicitaba dirixirse "ao Secretario de Goberno do TSX a fin de que se informe con antelación da suspensión de actos procesuais, tanto aos órganos xudiciais e profesionais como ao resto de persoas que deban comparecer en sede xudicial".

Comparto a preocupación e inquedanza que esta situación está a provocar entre os profesionais e a cidadanía con todos os prexuízos derivados da mesma e, como todos, espero que se acade unha pronta solución, mais ao tratarse dunha folga legalmente convocada e na que os letrados e letradas da Administración de xustiza exercitan dun xeito individual o dereito constitucional á mesma, non é posible determinar quen vai a optar por exercer dito dereito, excepto naqueles casos en que un ou varios letrados/as sexan designados como servizos mínimos, conforme coa Resolución que o *Secretario General de la Administración de Justicia* ditou o pasado 19 de xaneiro; estas designacións foron inicialmente comunicados polos secretarios/as coordinadores provinciais a todos os colexios profesionais seguindo as miñas instrucións.

En definitiva, non é legalmente posible solicitar dos letrados e letradas a manifestación da súa previa intención de exercer o seu dereito constitucional de secundar a folga.

Sen máis, esperando unha pronta resolución da situación que o paro indefinido está a provocar, reciba un cordial saúdo.

O Secretario de Goberno do TSXG

Asdo.: Juan-José Martín Álvarez

